

Considerando a **visita ao teatro do Liceo de Noia** como unha **saída de campo**, explica sinteticamente, como si se tratase dunha fonte / documento histórico nun exercicio de comentario, **cal foi a temática principal da obra vista e cal pode ser a relación entre o tratamento que nela se fai da memoria e as explicacións e reflexións que sobre o mesmo factor fixemos nos últimos días?**

Para responder correctamente ao exercicio, **desenvolve nunha carilla** (podes estenderte máis se o precisas) **o tema central da obra** indicando, logo de explicar a temática e interese dentro das exposicións feitas en aula, **que elementos, formas de violencia, protagonistas, vítimas e vitimarios... se subliñan e porque razón podemos considerar que son elementos que achegan novidade e revisión positiva ao relato desta represión durante o franquismo.**

Por último, **engade á túa análise un parágrafo final** (enúnciao para distinguilo do resto do texto) no que **argumentes porque cres que esta representación emprega no seu título o concepto de memoria e de que modo** (tendo en conta aquí o que comentamos en aula sobre os procesos de conmemoración, disputa entre relatos... que formaban parte da memoria) **contribúe a obra, se é que o fai, á construción dunha memoria histórica máis completa ou axeitada, aproveitando a ocasión para explicar como debería ser esta memoria para considerarse como tal.**

[podedes usar este anaco de carilla restante para facer anotacións, esquemas... mais recomendamos comezar o exercicio nun folio novo, poñendo sempre o nome, apelidos e curso en ambos]

Para rematar e antes de entregar o exercicio, **cubre as seguintes preguntas sobre a túa experiencia coa docencia e enfoques traballados nesta segunda secuencia de sesións**. A idea é que **reflexiones a carón da memoria, as súas imaxes, relación coa historia, concepcións populares...**, e que **respondas con honestidade** ás seguintes cuestións

[a diferenza das primeiras, estas cuestións non serán avaliadas, pois serven unicamente para a recollida de datos, polo que insistimos en pedirvos que sexades sinceros]

1- Cando falabas de memoria histórica ou escoitabas falar da mesma, con anterioridade a recibir as correspondentes explicacións sobre o tema, asemellábanse as túas ideas ás que logo vos contamos? En caso de ser estas ideas distintas, poderías describir brevemente como vías antes a memoria histórica?

2- No que refire ás outras memorias (restaurativa e de recordo), comentouse en aula que tiñan relación coa memoria histórica, sen acudir á explicación docente, como dirías que é esa relación?

3- Se nunha proba se che preguntase que definises a memoria histórica coas túas palabras (ollo, non se está a pedir nin a definición dada polo profesor, nin a colgada na presentación nin os puntos desglosados) cal sería a definición que darías?

4- En varios momentos subliñouse a conmemoración coma unha parte esencial da construción da memoria, cres que os monumentos, placas... son importantes para difundir as memorias? Argumenta o mellor que poidas as razóns e pon algúns exemplos de porque consideras ou non esta importancia, sinalando casos nos que unha destas conmemoracións axudase a mudar a nosa memoria sobre o pasado (ollo, non valen os exemplos xa dados durante as sesións).

5- Unha das cuestións máis complexas de entender en relación á memoria é a súa capacidade para cambiar co tempo e adaptarse aos distintos códigos e valores das sociedades. Entendendo isto e recuperando a obra vista, cales cres que son os elementos, valores, personaxes... novidosos que inclúe este relato sobre a represión e que o converten nun exemplo de memoria só posible na actualidade?